

264 OPEs EXTRAORDINARIAS PUBLICADAS DE ESTABILIZACIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL EN GALICIA. 6.988 PRAZAS CONVOCADAS

A Lei 20/2021 establecía como data límite para formalizar a OPE extraordinaria de estabilización o 31 de maio de 2022. UGT Servizos públicos fixemos o seguimento día a día, das publicacións nos boletíns provincias (BOPs) e no DOG de concellos e deputacións que anunciaron a OPE de ESTABILIZACIÓN conforme ao establecido na Lei 20/21. Tamén incluimos as entidades locais, mancomunidades e organismos dependentes dos concellos que fan o mesmo anuncio de estabilización.

Cumpre sinalar que algúns Concellos xa publicaron antes de rematar o ano 2021, convocatorias de OPE no DOG e non no BOP que lle correspondía, e algúns non publicaron nada.

O total de OPES publicadas é de 264 e o total de prazas é de 6.988 prazas a estabilizar, e que teñen a seguinte distribución por provincias:

[A Coruña con 93 concellos anuncia a estabilización en 68 \(73,1%\). 2.160 prazas a estabilizar.](#)

[Lugo con 67 concellos anuncia a estabilización en 57 \(85%\). 1.240 prazas a estabilizar.](#)

[Ourense con 92 concellos anuncia a estabilización en 88 \(95,6%\). 1.789 prazas a estabilizar.](#)

[Pontevedra con 61 concellos anuncia a estabilización en 51 \(83,6%\). 1.799 prazas a estabilizar \(concellos + deputación + entidades\).](#)

Trátase sen dúbida de datos de ofertas de prazas moi elevado no marco dun proceso extraordinario no que o concurso de méritos será a vía de acceso.

As OPEs da Administración local en Galicia, no seu conxunto é a maior oferta de prazas de todas as administracións (autonómica, central, Sergas ou ensino), e demostra a veracidade das afirmacións do sindicato que situaban a administración local como a de maior temporalidade de emprego público.